



Museo do Pobo Galego

PROGRAMACIÓN INFANTIL E PRIMARIA 2014-2015



O programa que vos presentamos a continuación, ten como obxectivo principal atender as necesidades do colectivo escolar e docente desde o **2º ciclo de infantil até o remate da primaria**. Neste curso 2014/15 a nosa oferta educativa conta, ademais de con visitas comentadas á colección, con visitas dinamizadas coas que queremos potenciar unha aprendizaxe lúdica e participativa.

A dispoñibilidade de persoal e unha circulación máis cómoda e segura para as persoas fai **aconsellable concertar as actividades cunha antelación mínima de 15 días**. A entrada ao Museo é gratuíta para os grupos escolares porén **as actividades dirixidas polo Departamento de Educación e Acción Cultural teñen un custe de 70 ct. por alumno/a**.

En calquera caso **todos os grupos escolares**, de calquera nivel educativo, poden visitar o Museo libre e gratuitamente dirixidos polos seus docentes, co único requisito de **formalizar a súa reserva cun mínimo de 15 días de antelación**. O espazo museístico conta cun aforo para asegurar a circulación sen problemas en salas e escaleira helicoidal polo que **o Museo non garante a entrada no momento elixido, se non hai reserva previa**.

Para máis información, podedes acudir á nosa paxina web www.museodopobo.com ao [facebook](#), ao teléfono **981583620 ou ao noso correo, deac@museodopobo.com**

Grazas!

Visitas dinamizadas

De 11 a 14 h de martes a venres

Cunha perspectiva lúdica, procuramos achegar algúns conceptos da nosa cultura tradicional a través do baile, da música ou das adiviñas, á vez que van coñecendo os contidos do Museo.

Esta adiviña...sóame! Unha actividade de descubrimento que mestura un dos xogos tradicionais por antonomasia, as adiviñas, cos sons dos nosos instrumentos musicais.

- Para 2º ciclo de infantil
- Nº de participantes por sesión: máximo 15
- Temporalización: 70 minutos



Xogos Bailados. A través dun xogo de roda que leva asociado coreografías e cantigas, os cativos e cativas poden facer o seu primeiro achegamento ao Museo do Pobo Galego.

- Para 2º ciclo de infantil e 1º curso de primaria.
- Nº de participantes por sesión: máximo 15
- Temporalización: 60 minutos

Sardiñas e pan. Unha visita dinamizada na que as salas do mar e do campo son o espazo no que os e as rapazas poderán xogar traballando sobre a importancia de dúas actividades como son a agricultura e a pesca.

- Para 1º Ciclo de Primaria
- Nº de participantes por sesión: máximo 25
- Temporalización: 60 minutos

O remuíño de pistas. Percorrido lúdico pola colección do Museo onde o alumnado poderá descubrila cunha dinámica de xogo de pistas. O xogo conclúe con unha reflexión conxunta sobre as pistas encontradas.

- Dirixido ao Segundo e Terceiro Ciclo de Primaria
- Nº de participantes por sesión: máximo 25
- Temporalización: 75 minutos





Ferramentas... en mimo! Coa entrega descontextualizada dunha ferramenta de traballo, e algúns elementos relacionados os e as rapazas deberán deducir que oficio teñen entre mans e, a través do mimo, transmitirlo ao resto dos e das compañeiras. Tráballanse temas como tradición ou artesanía, á vez que a comprensión, o aspecto lúdico e creativo da comunicación e a expresión corporal.

- **Dirixido ao Terceiro Ciclo de Primaria**
- **Nº de participantes por sesión: máximo 25**
- **Temporalización: 75 minutos**

Canteir@s por un día! Partindo dunha pequena introdución ao oficio dos canteiros e observando maquetas das súas obras, o alumnado poderá construír un hórreo. Tráballaremos en equipo, tratando temas como a escala, a estrutura ou a utilidade para o que usaremos o sistema LUPO.

- **Para 2º Ciclo de Primaria**
- **Nº de participantes por sesión: máximo 25**
- **Temporalización: 60 minutos**



Visitas comentadas á colección permanente

Indicadas a partir **de 4º de primaria** coa posibilidade de escoller entre catro itinerarios temáticos. Todos procuran o achegamento á sociedade tradicional galega desde a perspectiva actual e a súa validez para o futuro.



- **De 11 a 14 h de martes a venres e de 16 a 17h30 de martes a xoves**
- **Nº de participantes por sesión: máximo 30**
- **Temporalización: 50/60 minutos**

Itinerarios:

Mar e campo: tal e como o seu nome indica, abrangue ambas salas onde se presentan distintos aspectos relacionados co aproveitamento tradicional do medio mariño e da terra -gandaría e agricultura- que marcaron o sistema produtivo galego durante moito tempo.

Oficios: o conxunto de actividades agrupadas baixo este epígrafe e a factura dos produtos realizados, implican un conxunto de saberes e habilidades específicos que se foron transmitindo de xeración en xeración. Algunhas viviron momentos de auténtico auge no pasado e outras, despois de anos de esquecemento, véñense recuperando desde o que damos en denominar artesanía.

Espazo construído: sociedade, cultura e espazo interrelaciónanse. Un itinerario que procura evidenciar como o espazo construído reflicte as estruturas sociais que o concibiron.

Sociedade: presentación da sociedade galega, cos usos, costumes e crenzas tradicionais que seguen a definila. A casa, a propiedade, o concepto cíclico do tempo, a corrente da vida, a saúde... son algúns dos puntos que se tocan neste itinerario.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS



Onde foi Barriga Verde? _____

Do 4 de novembro ao 15 de xaneiro

Barriga Verde, o último monicreque popular galego, lévanos a un mundo no que as feiras eran o acontecemento social por excelencia, algo que perdurou en Galicia até a década de 1960. Neste evento, os espectáculos de monicreques eran unha das distraccións máis populares. A exposición móstranos tamén as bambolinas da barraca e os segredos dos e das artistas que fixeron posible a maxia dos títeres.

- de 11 a 14 h de martes a venres
- Para Terceiro Ciclo de Primaria
- N° de participantes por sesión: máximo 25
- Temporalización: 50 minutos

Ademais da visita comentada no Museo, a asociación *Morreu o Demo* ofrece outras posibilidades para o seu aproveitamento didáctico. Podedes consultalas en www.barrigaverde.eu